



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

CONVOCATORIA SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL ANO 2007

O artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, Reguladora do Réxime Electoral Xeral, establece que as Corporacións Locais constituiranse en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións. A sesión estará presidida pola Mesa de Idade, integrada polos concelleiros electos de maior e menor idade, actuando como Secretario a Secretaria - accidental da Corporación.

De conformidade con este precepto legal, a sesión constitutiva celebrarase o vindeiro día **16 DE XUÑO, ÁS 13,00 HORAS, NO SALÓN DE ACTOS DA CASA DE CULTURA DE XANCEDA.**

A Mesa de Idade estará formada polos seguintes concelleiros:

- D. JOSÉ ÁNGEL SÁNCHEZ SÁNCHEZ, (que presidirá a sesión)
- D. MANOEL BELLO SALVADO

Clase de Sesión.....	CONSTITUTIVA
Data da Sesión:.....	16 de xuño de 2007.
Hora de celebración en primeira convocatoria:..... (<i>media hora máis tarde en segunda convocatoria</i>).	13:00 horas

En Mesía, once de xuño de dous mil sete.

A SECRETARIA-ACCIDENTAL,

Carmen Blanco Villares.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 16 DE XUÑO DE 2007.

PRESENTES:

SECRETARIA - ACCIDENTAL:

D^a Carmen Blanco Villares.

CONCELLEIRO/AS ELECTOS/AS:

PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA, PsdoG-PSOE:

D. Mariano Iglesias Castro.
D. José Joaquín López Ares.
D. José Ángel Sánchez Sánchez.
D. Antonio Quindimil García.
D^a Pilar Sánchez Ulloa.
D. Gervasio Sánchez Barreiro.

PARTIDO POPULAR, PP:

D. Severino Álvarez Monteserín.
D^a María José Quindimil Suárez.

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, BNG:

D. Pedro M. Pedreira Candal.
D. Manoel Bello Salvado.

AUSENTES:

PARTIDO POPULAR, PP:

D. Ciriaco Varela Rotger.

No Salón de Actos da Casa de Cultura de Xanceda - Mesía, sendo as trece horas do día dezaseis de xuño de dous mil sete, reúnen os concelleiros electos nas eleccións celebradas o día vinte e sete de maio de dous mil sete, coa asistencia que ó marxe se miúda, con excepción de D. Ciriaco Varela Rotger que escusa a súa ausencia.

Procédese, segundo o disposto no artigo 195 da Lei 5/1985, do Réxime Electoral Xeral, á constitución da Mesa de Idade, presidida por D. José Ángel Sánchez Sánchez e D. Manoel Bello Salvado, concelleiros de maior e menor idade, respectivamente. Actúa como Secretario, a Secretaria - accidental da Corporación D^a Carmen Blanco Villares.

En primeiro lugar, a Secretaria - accidental dá lectura ó Acta de Proclamación de concelleiros electos, remitida pola Xunta Electoral de Zona. Á seguir pola Mesa examínanse as credenciais dos concelleiros electos expedidas pola Xunta Electoral, atopándose conformes. Do mesmo xeito, a Secretaria - accidental certifica a presentación por parte de tódolos concelleiros, a excepción de D. Ciriaco Varela Rotger, no Rexistro de



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Intereses da Corporación, constituído en Secretaría, da Declaración de Actividades e posibles causas de incompatibilidade, así como da Declaración de Bens, segundo o prescrito no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Unha vez realizadas as precedentes operacións, os once concelleiros prestan promesa, (Sr. Bello Salvado, que engade ó final da fórmula a frase “*e cumprir a norma fundamental de Galiza, o Estatuto de Autonomía*”), ou xuramento (resto concelleiros), de cumprimento das funcións inherentes ó cargo con lealdade ó Rei e de gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado.

A continuación, e consonte co establecido no artigo 196 da citada Lei Orgánica 5/1985, do Réxime Electoral Xeral, procédese á elección do Alcalde. A Secretaria - accidental pregunta se os concelleiros teñen algunha preferencia en canto ó tipo de votación, decidíndose por asentimento que se faga mediante votación a man alzada.

Unha vez definido o procedemento de votación, a Secretaria - accidental proclama ós candidatos á Alcaldía, cabezas de lista das tres candidaturas con representación:

- D. Mariano Iglesias Castro, polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE.
- D. Severino Álvarez Monteserín, polo Partido Popular.
- D. Pedro Pedreira Candal, polo Bloque Nacionalista Galego.

Procédese a realizar a votación, mediante requirimento da Secretaria - accidental pronunciando en voz alta o nome de cada candidato sucesivamente, obténdose os seguintes resultados:

- | | |
|---|----------------|
| - D. Mariano Iglesias Castro: | 6 votos |
| - D. Severino Álvarez Monteserín: | 2 votos |
| - D. Pedro Manuel Pedreira Candal: | 2 votos |

Polo tanto, obtendo seis votos, que constitúen a maioría absoluta, **proclámase Alcalde do Concello de Mesía a D. MARIANO IGLESIAS CASTRO**, cabeza de lista da candidatura do Partido dos Socialistas de Galicia - PSOE, que procede a xurar o cargo como Alcalde e ó cumprimento das funcións inherentes ó cargo con lealdade ó Rei e de gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado

A continuación o Sr. Alcalde concédelle á palabra ós concelleiros cabezas de lista dos dous grupos políticos da oposición, tanto o representante do Bloque Nacionalista Galego, D. Pedro Pedreira Candal, como o representante do Partido Popular D. Severino Álvarez Monteserín, felicitan ó Sr. Alcalde polo seu nomeamento e disertan sobre as súas expectativas de futuro na oposición e diversos aspectos e situacións do goberno anterior.

Dálle a palabra, a continuación, o Sr. Alcalde a D. José Joaquín López Ares, que presidía a lexislatura anterior.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Comeza o Sr. López Ares dirixindo ós asistentes unha palabras de agradecemento polo apoio recibido por parte dalgunhas persoas e de crítica polos ataques recibidos por parte doutros, e de seguido, realiza o traspaso de poderes ó novo Alcalde de Mesía, mediante a entrega simbólica do bastón de mando.

Para finalizar o Sr. Alcalde D. Mariano Iglesias Castro diríxese ós asistentes, agradecendo a confianza depositada no seu equipo e invitando á maior participación de todos, tanto cargos políticos como veciños, na xestión dos intereses do concello. Deste xeito dáse por rematado o acto de constitución da nova Corporación, sendo as trece horas e trinta e catro minutos, levántase a sesión, da que eu, Secretaria - Interventora accidental, certifico.